



O Concello de Catoira presenta un proxecto sobre toponimia

Foto: Mónica Vilas

Os paneis que se expoñerán hoxe son fotografías por satélite de todo o municipio

Sara R. G. • CATOIRA

A toponimia constitúe a esencia do patrimonio e a cultura dun lugar determinado. Hoxe expónense no concello de Catoira unha serie de paneis que recollen a toponimia e a microtoponimia do municipio. Sonia Santos é unha veciña de Catoira que formou parte da comisión de filólogos expertos en toponimia, encargados de levar a cabo esta tarefa investigadora, que comezou alá polo 2002.


O SITGA, área de cartografía da S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia encargouse de coordinar á filóloga e técnica de campo Sonia Santos para a realización deste proxecto no concello de Catoira.

O proceso que levan a cabo para a elaboración dun inventario de topónimos é longo e intenso, pero ao mesmo tempo gratificante, xa que é un traballo que quedaría alí para a posteridade.

Neste sentido, a metodoloxía de investigación empregada pasa pola realización de enquisas directas aos habitantes naturais do lugar a

investigar, elaborando a continuación unha base de datos e integrando os contidos nun sistema de información xeográfica. Este método requiere o emprego de materiais específicos e unha serie de procesos para a xestión e utilización destes datos.

En primeiro lugar, é necesario coñecer e estudar a



área de trabalho, para o que se empregan os mapas topográficos e a fotografía aérea. O segundo paso abarca a análise da documentación cartográfica e actual existente con información topográfica. A continuación selecciónase aos habitantes do lugar que posúan un mellor coñecemento do territorio e dos nomes que o identifican,

para logo facer unha recollida mediante a enquisa oral, localizando os nomes mediante a fotografía aérea. A comisión de expertos encárgase de normativizar esa toponimia, para despois dixitalizala na fotografía aérea.

Na actualidade Catoira atópase na última parte do proceso. O ano pasado pre-

sentáronse as fotografías para a súa revisión por parte dos veciños e algunha posible corrección de topónimos e a partires de hoxe pola tarde a xente de Catoira e os visitantes poderán ver expositas as fotografías definitivas dos lugares cos seus topónimos correspondentes.

Un traballo de campo pola normalización da lingua en Galicia

A Comisión de Toponimia non só é un traballo exclusivo do municipio de Catoira, senón que diversos organismos como a Xunta de Galicia, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o SITGA, promoven os proxectos que unha comisión de filólogos expertos en toponimia realiza para ditaminar de forma correcta os topónimos de toda Galicia.

A labor desta comisión viu a luz por vez primeira en 1996 coa publicación do Nomenclátor de Ourense. Máis tarde virán os de Pontevedra, Lugo e finalmente os de toda Galicia, incluíndo os da provincia da Coruña.

O proxecto que está levando a cabo dita comisión ten por obxecto recoller toda a microtoponimia gallega, así como confeccionar unha base de datos que sirva de referente para os distintos ámbitos da investigación e actividades relacionadas coa información e identificación territorial. Este proxecto sobre a Toponimia en Galicia vincula a cartografía coas novas tecnoloxías informáticas.



Foto: Mónica Vilas

O proxecto Toponimia en Galicia expoñerá a partires de hoxe en Catoira